



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
2019/G010/000007	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	11 de setembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 13:41 horas ata as 14:57 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de Frades
<b>Presidida por</b>	ROBERTO REY MARTÍNEZ
<b>Secretaria</b>	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **ORDE DO DÍA.**

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Cofñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno de organización da Corporación celebrada o día 5 de xullo de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

#### **Formúlanse as seguintes observacións:**

- No punto cinco deberá constar:
  - o 2 membros en representación do grupo municipal do PSOE
  - o 1 membro en representación do BNG-grupo mixto.
- No punto terceiro sinalase que o concelleiro do PSOE, Don Enrique Astray Otero non está de acordo co horario das sesións.

Unha vez se corrixan, o Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 5 de xullo de 2019.

#### **2.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2019 PARA ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS E DIETAS POR ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, PLENOS, COMISIÓNS E DEMAIS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN.-**

O Sr. Alcalde- Presidente procede á lectura dos acordos plenario de data 5 de xullo de 2019, co teor literal seguinte:

#### **<<8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS MUNICIPAIS**

O Sr. Alcalde- Presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### ACORDAMOS:

**PRIMEIRO.-** Asignar a cada un dos grupos políticos municipais e a efectos da súa actuación corporativa, as asignacións económicas seguintes, integradas por un compoñente fixo de 100,00 euros mensuais por grupo político e outro de 100,00 euros mensuais por concelleiro/a.

A periodicidade do pago será trimestral.

**SEGUNDO.-** Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base Adicional única das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodala ao presente acordo.>>

### <<9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar a proposta da alcaldía.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e Partido Socialista e a abstención do Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local; no artigo 13.6 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### ACORDAMOS:

**PRIMEIRO.-** Asignar por asistencia aos órganos colexiados, presidencias incluídas, as cantidades seguintes por sesión e concelleiro:

- Asistencia a Pleno: 125,00 €uros.
- Asistencia a Xunta de Goberno Local: 150,00 €uros
- Asistencia a Comisións informativas: 100,00 €uros

A periodicidade dos pagos será trimestral.

**SEGUNDO.-** Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar as Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodala ao presente acordo.>>



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**Logo de ver os anteriores acordos, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE e BNG,**

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.:** Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución: Base nº 64 e Base Adicional única das Bases de Execución do Orzamento para 2019 **nos seguintes termos**

### **BASE ADICIONAL ÚNICA: SUBVENCIÓN A GRUPOS POLÍTICOS**

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece no seu artigo 27 "Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos dispoñerán na sé da mesma dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, e o presidente ou o membro da corporación responsable da área de réxime interior poñerá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais".

Ante a imposibilidade de dar cumprimento ó expresado precepto, dotando aos grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, como se puxo de manifesto nos reiterados intentos de levalo a cabo, e tendo en conta o previsto no artigo 73-3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, fíxase unha cantidade de 100,00 euros mensuais por grupo político e outro de 100,00 euros mensuais por concelleiro/a.

Estas cantidades aboaranse a cada grupo político na conta que se indique polo portavoz de cada grupo, coas limitacións e obrigas que determina o referido artigo 73-3 da Lei 7/1985. Ditas dotacións non poderán destinarse ó pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Os pagamentos realizaranse mediante un pago único anual na data que se determine.

O grupo municipal deberá levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que porán a disposición do Pleno no sempre que este o pida. No seu caso, poderá solicitar o informe do Interventor acerca do cumprimento das normas que rexen estas prestacións.

### **BASE 64.-GASTOS DE LOCOMOCIÓN, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS:**

En relación as indemnizacións por razón de servizo dietas, de concelleiros ou destinadas a funcionarios, persoal laboral, rexeranse polas normas establecidas, ou que se establezan, para os funcionarios de Estado, aplicables segundo se dispón no art. 157 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Real Decreto 462/2002 de 24 de maio sobre indemnización por razón de servizo e segundo o disposto no artigo 75 da lei 7/1985 para os membros da Corporación

1º) As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados correspondentes aos membros da corporación que non teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial serán as cantidades seguintes por sesión e concelleiro:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- Asistencia a Pleno: 125,00 €uros.
- Asistencia a Xunta de Goberno Local: 150,00 €uros
- Asistencia a Comisións informativas: 100,00 €uros

As liquidacións por asistencias a plenos e comisións practicaranse a partir das certificacións expedidas polos seus secretarios. A periodicidade dos pagos será trimestral.

2º) Aqueles membros da Concello que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o grupo 1º no R.D. 462/2002 de 24 de maio, e actualizacións posteriores; de igual xeito aboaráselles os gastos de locomoción. Os interesados poderán optar por ser indemnizados dos gastos realmente producidos, achegando os xustificantes de todos eles (facturas, etc.), sen que se poida superar en ningún caso os límites previstos no RD mencionado.

As comisións de servizo con dereito a indemnización levaranse a cabo en virtude de acordo de órganos colexiados ou resolucións da Alcaldía.

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a modificación das bases de execución do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**TERCEIRO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS DOUS DIAS QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 2020 NO CONCELLO DE FRADES.-**

Visto o escrito da Xunta de Galicia, da Consellería de Emprego e Industria, recibido neste Concello o 18 de xullo de 2019 con número de rexistro de entrada 690.2019, mediante o cal se require acordo deste Concello que determine os festivos locais 2020, para proceder á súa remisión á dita Consellería antes do 15 de outubro de 2019.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente propón as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2020: 25 de febreiro, martes de entroido, e 29 de setembro, San Miguel.

**Tralas deliberacións correspondentes, e tras explicar os diferentes portavoces as súas propostas, o Pleno a proposta da Alcaldía, acorda por maioría absoluta, con 7 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, tres votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE, que preferían o día da Magdalena, e unha abstención do concelleiro do grupo mixto, BNG:**

**PRIMEIRO.-** Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2018:

**.- Martes de entroido do ano 2020.**

**.- San Miguel, día 29 de setembro de 2020.**

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 15/10/2019 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **4.- RATIFICACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO”.-**

Logo de ver o decreto nº 108.2019 co teor literal seguinte:

#### **<<DECRETO DE ALCALDÍA**

**ASUNTO:** APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE SUMINISTROS “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO”. CSUM 1.2019

Visto que por Decreto de inicio de data 24/05/2019 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación para levar a cabo o proxectos denominados “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE MESOS, ABELLÁ, FRADES E VITRE” e “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, MOAR E GAFOI”.

Dada a característica do contrato considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto.

Visto que con data 27/05/2019 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vsita memoria de data de 20 de xuño de 2019 no que se xustifican as necesidades a satisfacer.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación denominado “AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO”, mediante procedemento aberto, para a renovación das instalación de alumeado exterior no municipio de Fraades.

**SEGUNDO.-** Autorizar, en 212.762,98 € de contía de euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do subministro por procedemento aberto, con cargo á aplicación 165.62700.

**TERCEIRO.-** Aprobar o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a licitación.

**CUARTO.-** Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello.>>

**Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE e BNG ACORDA por maioría absoluta ratificar o decreto da Alcaldía nos seus mesmos termos“**

### **5.- PROPOSTA RAZOADA NO EXPEDIENTE DE D. MANUEL CORTIÑAS PONTÓN.-**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Logo de ver o decreto nº 60.2019 co teor literal seguinte:

### <<**DECRETO:** NOMEAMENTO DE INSTRUCTOR CON MOTIVO DO ESCRITO SOLICITANDO DISTINCIÓN A PERSOA DE DON MANUEL CORTIÑAS PONTÓN

Visto escrito presentado polos veciños do Concello de Frades con rexistro de entrada número 2019/87 de 15 de febreiro de 2019 no que se solicita que se distinga a figura de D. Manuel Cortiñas Pontón, mestre que exerceu na parroquia de Gafoi nos anos 50, 60 e 70 do século XX.

Visto que no Pleno Ordinario de data 8 de marzo de 2019, tratouse o asunto según se reflicte na acta aprobada:

“O Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao escrito presentado polos veciños do Concello de Frades con rexistro de entrada número 2019/87 de 15 de febreiro de 2019 no que se solicita que se distinga a figura de D. Manuel Cortiñas Pontón, mestre que exerceu na parroquia de Gafoi nos anos 50, 60 e 70 do século XX.

O Alcalde explica que se iniciará o expediente pertinente para confirmar que esta persoa é merecedora dunha honra tal como solicitan os veciños de Gafoi, e en tal caso barallase a opción instalar unha placa ou monólito co nome de Manuel Cortiñas na antiga escola onde exercía como mestre.

O Alcalde ofrece a posibilidade a calquera concelleiro ou concelleira da corporación para incoar dito expediente, pero dado que todos o rexeitan, nomea como responsable ó Concelleiro de Ensino, Manuel Ferreiro. Unha vez rematada a instrución deste expediente volverase á levar a un Pleno para a súa aprobación

Votacións: Votos a favor: 11 3 BNG 8 PP Votos en contra: 0 Abstencións: 0 Resultado: Unanimidade Estado Proposta: Aprobada.”.

Vista a Ordenanza de Honras, Distincións e Nomeamentos, concretamente o seu apartado 5:

“La tramitación del expediente se iniciará con una proposición que deberá ser suscrita por la mayoría absoluta de los miembros de derecho de la Corporación.

El Sr. Alcalde - Presidente, nombrará mediante Decreto un instructor del expediente, de entre los miembros de la Corporación. Su función será de de recopilar e investigar de forma completa los méritos de la persona propuesta para obtener el mérito o distinción. Solicitando todos las informaciones documentales y declaraciones de terceros y en general utilizando los medios legales que considere oportunos, tanto con los resultados favorables como los adversos, a fin de elevar a la Alcaldía su propuesta razonada que podrá referirse a:

a) Sobreseimiento y archivo del expediente.

b) Ampliación de la información o cualquier tipo de diligencia.

c) Elevación a definitiva de la propuesta formulada con carácter provisional por el instructor.

Hasta ese momento la instrucción del expediente debe de ser reservada y secreta..”

En base ao anteriormente exposto, **DISPŌNO:**

**ÚNICO.-** Nomear a Don Manuel Ferreiro Marzoa instrutor a fin de que recopile e investigue de forma completa os méritos de D. Manuel Cortiñas Pontón para obtener os méritos ou distincións solicitados e redacte proposta motivada baseada nas súas pesquisas.>>

**O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao Sr. Concelleiro, D. Manuel Ferreiro Marzoa, que fai a seguinte intervención:**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<<Primeiro de todo dar as grazas á corporación por nomearme instrutor nesta homenaxe a D. Manuel Cortiñas Pontón. Dicar que é unha honra levar este expediente como Conselleiro de Ensino e dedicarllo a un mestre.

Os Mestres son a correa de transmisión dos coñecementos dunha xeración a outra, de aí a súa importancia e transcendencia en calquera sociedade.

Agradecer ós seus ex -alumnos a súa colaboración e o seu interese para poder levar isto a cabo, agradecer tamén á súa familia pola súa amabilidade e por axudar en todo sempre que se lle pediu.

Eu, como instrutor, quero destacar como calidades de D. Manuel, entre moitas outras que seguro que tiña, as seguintes:

- A súa elevadísima preparación como mestre, o cal fai que os resultados sexan moi bos.
- A súa humildade, o que fai que se relacione con toda a xente.
- O ser un adiantando ó seu tempo, facendo do bilingüismo o que ten que ser, unha riqueza e unha ferramenta para poder transmitir mellor os coñecementos.
- Un amante da cultura e da tradición galega, algo que resaltan todos os seus alumnos.
- Un home cunhas calidades humanas extraordinarias; o simple feito de que despois de 40 anos veñan os seus ex -alumnos dende distintos puntos de Galicia a pedir que se lle faga unha homenaxe, fala ben ás claras da fonda pegada que supuxo nas súas vidas.

Por tanto, como instrutor, só podo concluír que D. Manuel é merecedor desta homenaxe, sendo un exemplo de mestre, de boa persoa, unido á dedicación, profesionalidade e humildade na súa labor diaria.

Finalmente, para rematar agradecer ós seus ex -alumnos, en especial a D. Antonio Espiñeira Pardo o seu interese e dedicación neste procedemento, agradecer tamén a D María Villasenín Raña, traballadora social deste concello o seu labor de investigación e horas dedicadas para poder redactar este expediente. Sen todos eles sería imposible poder concluír este recoñecemento.>>

**TRAS AS DELIBERACIÓNS CORRESPONDENTES, O PLENO POR UNANIMIDADE ACORDA OUTORGAR O DITO RECOÑECIMENTO A D. MANUEL CORTIÑAS PONTÓN.**

### **6.- CONVALIDACIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO E FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL.-**

O Sr. Alcalde- Presidente procede a dar lectura do seguinte decreto (teor literal):

**“Descrición decreto:** DECRETO DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE OBRADOIRO DE EMPREGO "BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO II"

**(...) SOLICITUDE, SE PROCEDE, CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SUBVENCIÓN PARA UN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, ORDE DE 17/04/2019 (DOG Nº 88, DE 9 de MAIO DE 2019).**





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Vista a Orde do 17 de abril de 2019 (DOG nº 88, de data 09/05/2019), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Visto o disposto nos arts. 1, 3 e 19 de a Orde de 17/04/2019.

Visto o disposto nos arts. 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, arts. 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e art. 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Visto o disposto nos arts. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.**- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento proxecto: Obradoiro de Emprego “Brañas do Illó-Río Samo II”.

**SEGUNDO.**- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

**TERCEIRO.**- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

**CUARTO.**- Aprobar o proxecto: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Ríos Samo II”, redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo e o orzamento de gastos segundo a seguinte táboa:

CONCEPTO	IMPORTE
Actuación proxecto técnico Mesía	5.865,08 €
Actuación proxecto técnico Frades	8.307,76 €
Actuación proxecto técnico Ordes	22.866,60 €
Indemnización por fin de contrato Mesía	811,93 €
Indemnización por fin de contrato Frades	811,93 €
Indemnización por fin de contrato Ordes	811,93 €
Traslados Frades	4.000,00 €
Traslados Mesía	4.000,00 €
Traslados Ordes	4000,00 €
Costes persoal directivo e alumnos	297.824,00 €
Gastos de xestión e material	27.072,€
<b>TOTAL</b>	<b>376.371,23 €</b>

**QUINTO.**- Aprobar o proxecto técnico dos traballos consistentes en repoboacións forestais, tratamentos silvícolas e actividades auxiliares de conservación e mellora do monte “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo II”, redactado por José Cao Calvo,



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución total nos tres concellos de **37.039,44 euros (ive incluído)**.

**SEXTO.-** Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 17/04/2019, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo II", por importe de **376.371,23 €**, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

**SÉTIMO.-** Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre a efectos da súa ratificación.>>

A continuación, o Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2019, de solicitude do Fondo de Compensación Ambiental, e ao certificado da Secretaria que consta no expediente (ANEXO VII), para o Proxecto de xestión compartida entre os Concellos de Frades e Mesía denominado "Mellora, mantemento e protección do Ambiente e do Medio natural nos Concellos de Frades e Mesía".

**Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por unanimidade, acorda aprobar a convalidación dos citados acordos, así como do Convenio do Fondo de Compensación Ambiental que forma parte do expediente.**

### **7.- PROXECTOS POS COMPLEMENTARIO 2019.**

O Alcalde- Presidente da conta da Circular do Plan Único dos Concellos, e explica o seu funcionamento.

**A continuación, tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE e BNG**

#### **ACORDA:**

**1.-** "Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

#### **Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019**

##### **Financiamento dos investimentos**

###### 1.- Reparación da Piscina Municipal

**Deputación:** 101.066,29 €

**Concello:** 0,00 €

**Orzamento total:** 101.066,29 €

###### 2.- Camiño AC-524 Fondevila - A Cheda (Abellá) e outros

**Deputación:** 82.038,81€



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**Concello:** 0,00 €

**Orzamento total:** 82.038,81€

### TOTAL

Maior achega provincial asignada ao concello.....	320.042,57
€	
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase.....	136.937,47
€	
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase.....	183.105,10
€	

**2.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e se compromete a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**3.-** Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**4.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**5.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**6.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**7.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **8.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 36/2019 ata o número 158/2019, en formato PDF.

### **9.- MOCIÓNS.-**

Non houbo

### **10.- INFORMES DA ALCALDÍA.-**

**O Alcalde- Presidente procede a informar sobre os seguintes extremos:**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- PLAN ÚNICO CONCELLOS 2018. Rematado.
- BRIGADA DE INCENDIOS: Contrato adxudicado. Comezaron os traballadores o 15 de xullo.
- ABASTECIMENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS DE MOAR, AÑÁ E CÉLTIGOS. Rematado.
- PEL
- ERIMSA
- IDAE: En contratación.
- PEIM: Plan de Mellora de Camiños Rurais. En contratación.
- OBRAS NO PAVILLÓN: En contratación.
- POS 2019: Iniciaremos o expediente proximamente.
- ACTIVIDADES DE VERÁN.
- CURSOS REALIZADOS

### **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde pregunta sobre as actas da Xunta de Goberno Local. A Secretaria comprométese a mandalas por correo electrónico.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Astray Otero, pregunta se no POS se fai contratación aberta. O Sr. Alcalde-Presidente contesta que si, e utilízanse os Pregos da Deputación Provincial de A Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as catorce e cincuenta e sete horas.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE DATA 08.11.2019**